

# **CONSIDERACIÓNS.**

---

Estas consideracións fixéronse sobre a base dos **últimos datos dispoñibles** ao peche da presente Memoria.



# CDSUN. panorama económico

## Contexto económico xeral

O contexto económico mundial no ano 2012 ven determinado pola ralentización do proceso de recuperación económica, moderándose as perspectivas de crecemento existentes para o ano 2012, a causa, fundamentalmente, dos problemas económicos e financeiros da zona euro.

A economía mundial crece no ano 2012 un 3,2%, oito décimas menos que no ano anterior, consecuencia das diferentes sendas e ritmos de recuperación existentes entre os países de economías emerxentes e os países de economías avanzadas, e dentro destes últimos, entre os EEUU e a UE.

A taxa de crecemento dos países de economías avanzadas acusa a recesión nos países da zona euro, acadándose tan só un crecemento do 1,2%. Fronte ao crecemento negativo do 0,6% na zona euro, resalta

o crecemento do 2,2% dos EEUU ou do 2% de Xapón.

A crise económica, as políticas de arrefriamento económico e a menor demanda dos países avanzados, desaceleran o crecemento do grupo de países con economías emerxentes, que acadan un 5,1% máis de PIB que no ano anterior, fronte ao 6,4% do ano 2011. Dentro deste grupo destaca a fortaleza do crecemento de China cun 7,8% ou India cun 4%.

A desaceleración no crecemento das economías avanzadas (1,2%), relaciónase cun menor crecemento da demanda interna nestas economías (1% fronte ao 1,3% do ano 2011 ou o 2,9% de crecemento no ano 2010). O menor crecemento da demanda interna nas economías avanzadas é consecuencia dun menor incremento do consumo privado (1%) e da formación bruta de capital (2,1%), fronte ao crecemento do gasto en consumo público (0,1%), crece-

mento provocado polo forte aumento do consumo público de Xapón.

A desaceleración no crecemento nas economías avanzadas deriva no estancamento do desemprego en taxas en torno ao 8% de media, acadando niveis do 11,4% na zona euro.

### Zona euro

Ao longo do ano 2012 a actividade económica da zona euro desacelérase ata acadar unha taxa de variación do seu PIB real negativa do 0,6%. A debilidade da demanda interna da euro zona, afectada por cada vez maiores taxas de desemprego e polas políticas de contención do déficit público, presiona á baixa o crecemento, a pesar de que a economía europea segue beneficiándose do comercio exterior coas economías emerxentes e dunha presión inflacionista moderada.

De xeito semellante ao que acontece no conxunto da economía mundial, o crecemento da zona euro vese freado polos efectos sobre a demanda interna da caída no consumo privado, do estancamento no consumo público e do forte descenso da formación bruta de capital que cae un 4,1% en relación ao ano anterior.

As intensas vinculacións comerciais e financeiras existentes entre os países da zona euro son a causa fundamental de que os efectos da recrudescencia das tensións financeiras na periferia europea, se estendan á práctica totalidade dos países da zona euro, de xeito que no ano 2012 xunto ás taxas de crecemento negativo de países como Italia, España, Grecia e Portugal, entre outros, as economías avanzadas europeas como Alemaña ou Francia desaceleran moi significativamente as súas taxas de crecemento.

A pesar da redución da necesidade de

financiamento dos gobernos da UE-27 ata un déficit público do 3,2%, e en concreto das reducións nos países con maiores porcentaxes de déficit sobre PIB, como España, Portugal, Grecia ou Irlanda, a evolución na débeda pública é dispar. Neste senso, fronte á estabilidade nas porcentaxes de débeda pública sobre o PIB da UE-17, ou de países como Alemaña ou Francia que manteñen no período 2008-2012 incrementos moderados da súa débeda situándose, en todo o período, en torno á media europea, países como España, comezan o 2008 con niveis de débeda en torno ao 40% do seu PIB moi inferiores á media UE-17 que era do 70%, e rematan o ano 2008 cun nivel de débeda do 84,2% do PIB sendo a media UE-17 do 90,6%.

### A economía española

A extensión da crise económica ao conxunto dos países da euro zona, coaduxa a unha maior intensificación dos efectos da mesma na economía española, que reflicte taxas de variación negativas do seu PIB nos catro trimestres do ano 2012, sendo a taxa media anual de variación do PIB real da economía española do -1,4%.

A economía española mostra no último trimestre do ano 2012 as menores taxas de variación interanual dende o cuarto trimestre do ano 2009.

A caída do 1,4% do PIB real español, está asociado a un descenso do 3,9% da demanda interna, estando esta caída amortecida polo aporte ao PIB de 2,5 puntos porcentuais da demanda externa, tamén afectada pola menor actividade na zona euro, principal mercado exterior da economía española.

O descenso na demanda interna, está provocado, por unha banda, por unha caída do 2,5% do consumo final, en concreto a caída no consumo dos fogares foi do 2,2%

e no das Administracións Públicas do 3,7%. Nembargante, a caída máis significativa é a da Formación Bruta de Capital Fixo que baixa un 9,1% en relación ao ano anterior.

Dende o punto de vista da oferta, agás o sector primario que incrementa o seu Valor Engadido Bruto (VEB) nun 6,7% en relación ao ano anterior, o resto de sectores produtivos reducen o seu aporte, así a construción ten un 11% menos de VEB, a industria un 1% menos e o sector servizos un 0,2% menos.

A desfavorable evolución económica deriva nunha tamén desfavorable evolución do emprego que, a pesar da redución dos custos laborais e das remuneracións salariais, rexistra novamente perdas de ocupación do 4,5% e incrementos do 15,4% no número de persoas paradas estimadas pola EPA.

A economía española pecha o ano 2012, cunha caída do 1,4% do seu PIB real, nun contexto financeiro de elevada tensión, consolidación fiscal, desapalancamento do sector privado e profunda e continua redución do emprego.

O forte impacto da crise económica na zona euro, ten consecuencias negativas moi importantes, afectando de xeito máis intenso ás economías nacionais que soporaban un maior déficit, un endebedamento máis elevado ou maiores taxas de paro, como foi o caso da economía española.

Actualmente, a economía española está cercada por un conxunto de disfuncións internas e externas. Por unha banda, o estancamento económico está provocando elevados niveis de desemprego que deprimen en maior media a demanda interna. Por outra banda, a caída da actividade provoca o colapso do investimento privado, sobre todo no sector inmobiliario. A forte

caída da demanda e do emprego inciden negativamente nos ingresos e no déficit público, obrigando a maiores axustes fiscais que novamente deprimen a demanda interna. Todo isto nun escenario de extensión da crise económica ao conxunto da zona euro.

### A evolución xeral da economía galega

De xeito semellante ao que acontece na zona euro ou no conxunto do estado español, a economía galega contráese no ano 2012, sendo o PIB real galego no citado ano un 1,2% inferior ao do ano precedente. A desaceleración da actividade en Galicia é dúas décimas menor que a experimentada polo PIB real estatal (-1,4%).

Tal como acontece a nivel estatal, a recesión económica en Galicia deriva nun descenso no número de persoas ocupadas do 4%, e nun incremento do 18,6% no número de persoas paradas estimadas pola EPA.

Ante as dificultades da economía galega, o CES considera que as medidas encamiñadas a acadar a recuperación da actividade deben tender a consolidar un patrón de crecemento máis sostible e mellor adaptado ás características das economías avanzadas.

#### ● Agregados de demanda

A desaceleración da actividade económica en Galicia ven determinada pola contracción da demanda interna, aínda que en menor media que a contracción media da demanda interna estatal, así como por unha contribución positiva da demanda externa, aínda que cunha aporte menor ao crecemento do PIB, que na media do Estado.

O gasto en consumo final en Galicia redúcese no ano 2012, un 2,4% en relación ao ano anterior, afectando tanto ao consumo

dos fogares (-2,2%) como especialmente ao consumo realizado polas Administracións Públicas (-3,2%).

A persistencia do pesimismo en canto ás expectativas de recuperación que mostra o consumidor galego, con valores negativos en torno aos 36 puntos do indicador de confianza do consumidor, condicionan a evolución negativa de indicadores relacionados co consumo, como poden ser o índice de vendas ao retallo, o retroceso nas taxas de variación interanual do valor das importacións de bens de consumo, ou o descenso na ocupación hoteleira.

Finalmente, a evolución do investimento, medido a través da formación bruta de capital fixo, mostra unha contracción do 5%, superior á rexistrada no ano precedente, do 4,2%, e inferior á rexistrada no conxunto do Estado, do 9,1%.

Tal como se cita anteriormente, o sector exterior contribúe positivamente ao PIB, aínda que en menor medida que no conxunto do Estado. Porén, no ano 2012 prodúcese unha forte redución tanto das exportacións, -5%, como das importacións de bens e servizos, -7,9%, consecuencia da extensión da crise económica cara ás economías europeas principal mercado tamén, dos produtos galegos.

**A contracción da demanda interna favorecida polas políticas de axuste fiscal, combinadas coas restricións ao crédito, dificulta a recuperación da actividade e do emprego. O CES cree necesario valorar a conveniencia da aplicación ríxida dos criterios de consolidación fiscal, nunha conxuntura na que os efectos destas políticas contribúen a perpetuar a recesión económica.**

## ● Os agregados de oferta

Seguindo a tendencia de anos anteriores, a evolución sectorial da economía galega, mostra resultados negativos dos sectores industrial e construción con perdas do 1,3% e do 4,1% do seu valor engadido bruto respectivamente. Por outra banda, de xeito diferencial ao acontecido na serie 2008-2012, agás 2009, o sector servizos mostra no 2012, unha perda do seu VEB do 1%. A pesar de mostrar taxas negativas, o sector industrial modera as súas perdas en relación ao ano anterior, fronte á construción e aos servizos que intensifican as súas caídas.

A evolución trimestral da actividade económica mostra unha dicotomía entre a rama industrial e as restantes, así, nos dous últimos trimestres do ano, as taxas de variación do VEB das ramas primarias, construción e servizos son peores ás que reflicten os dous primeiros trimestres, nembargante a rama industrial mostra unha aparente melloría cunha notable moderación das taxas de variación interanual, no segundo semestre.

En comparación coa evolución sectorial da economía española, as caídas do valor engadido das ramas industriais e construción son máis moderadas que as que se producen de media no Estado.

## Distribución funcional da renda, salarios e custos laborais

A redución da actividade económica en termos de PIB, afecta en maior medida ás remuneracións salariais que aos beneficios empresariais medidos en termos de excedente bruto de explotación. Así no ano 2012, o peso da remuneración de asalariados sobre o PIB redúcese en 1,9 puntos porcentuais, fronte ao incremento de 2,1 puntos porcentuais do excedente de explotación bruto/renda mixta bruta. A evolu-

ción dende o ano 2008 do peso das remuneracións salariais e dos excedentes de explotación, leva a que no ano 2012, por primeira vez, os excedentes empresariais teñan un peso porcentualmente maior no PIB que as remuneracións salariais

No ano 2012, por primeira vez Galicia presenta un aumento salarial pactado nos convenios de empresa inferior ao aumento medio estatal. O aumento salarial pactado en Galicia, foi do 2,19%, catro décimas menos que o rexistrado no ano anterior.

O custo laboral por traballador e mes no ano 2012 en Galicia foi de 2.206,21 euros, un 13,1% inferior á media estatal, e un 2,6% inferior ao rexistrado o ano anterior, o que sitúa novamente a Galicia como a terceira Comunidade Autónoma cun custo laboral mías reducido.

A variación negativa do PIB a prezos correntes, cunha redución do 0,8% en relación ao ano anterior, así como a perda do 4% dos ocupados en Galicia no último ano, determinan unha mellora na produtividade aparente do factor traballo no ano 2012, incrementándose nun 3,3%, o que a sitúa en 54.240 euros por ocupado, 6.591 euros menos que a produtividade aparente media estatal.

**O CES considera que o aspecto positivo que se deriva do incremento da produtividade aparente do factor traballo, mitígasese cando este incremento deriva da perda de emprego e non, como sería desexable, do incremento do valor engadido nas distintas ramas de actividade.**

### Inflación e prezos

A tendencia de descenso dos niveis de inflación que se inicia no segundo semestre do ano 2011, continúa no ano 2012, acadándose en Galicia un IPC medio

anual do 2,4%, mesma taxa que a nivel estatal.

De xeito semellante ao acontecido no ano 2011, aínda que con menor intensidade, os grupos de produtos máis inflacionistas, tanto en Galicia como en España, no ano 2012 son os integrados nos de bebidas alcohólicas e tabaco, vivenda e transporte. Pola contra, os produtos menos inflacionistas foron os de comunicacións, vestido e calzado e ocio e cultura, destacando o proceso deflacionista nas comunicacións.

O Índice de Prezos Industriais incrementábase en Galicia un 2,3% (2,7% no conxunto do Estado) experimentándose o maior incremento na enerxía, cunha subida do 3,3%, moito máis moderada que o 13,3% de incremento rexistrado no ano 2011. Os distintos bens integrados no IPI rexistran incrementos de prezos, agás o índice de prezos dos bens de consumo duradeiro que se reduce nun 2,3% en relación ao ano anterior.

A moderación do prezo das materias primas e sobre todo do petróleo, xunto ao descenso da demanda interna, favorece a moderación dos niveis de inflación, obxectivo fundamental da política monetaria.

### Marco orzamentario e recadación tributaria

Para o ano 2012 a Comunidade Autónoma de Galicia conta cun orzamento consolidado de 9.858 millóns de euros, un 0,1% inferior ao inicialmente aprobado no ano 2011. Este orzamento representa o 16,7% do PIB galego estimado e supón 3.544 euros por habitante

Se os orzamentos para o ano 2011 estimaban que a situación inicial de necesidade de financiamento se situaría en 626 millóns de euros, os de 2012 presentaron unha necesidade de financiamento de 661 millóns. O

endebedamento bruto ascendeu a 1.374 millóns de euros, aplicándose o 39,8% do mesmo á amortización da débeda.

O endebedamento neto ascende no ano 2012 ata os 826 millóns de euros, é dicir o 1,5% do PIB rexional, que é o déficit máximo establecido para as Comunidades Autónomas, como obxectivo de estabilidade orzamentaria. Este límite de déficit está condicionado á actualización do Plan Económico-Financeiro de reequilibrio, que regula a realización de axustes nos gastos e ingresos públicos para garantir o cumprimento da senda de consolidación fiscal. No que respecta aos gastos, as propostas de axuste afectan aos gastos correntes, fundamentalmente ao capítulo 1 de gastos de persoal, onde se pretende reducir 100 dos 150,06 millóns de gasto que se esperan minorar coa actualización do Plan. No que respecta aos ingresos a marxe de manobra é moito máis limitada, polo que as actuacións céntranse nunha mellora da xestión e nunha intensificación da inspección.

As previsións de liquidación do orzamento do ano 2012 mostran unha porcentaxe do 1,19% de déficit en relación ao PIB rexional, por debaixo do obxectivo establecido.

No que respecta á execución orzamentaria, destacar que, sendo a necesidade de financiamento prevista no orzamento inicial de 661,5 millóns de euros, na execución orzamentaria ascendeu a 849 millóns de euros, 187,5 millóns de euros máis, consecuencia da execución de case 470 millóns de euros menos de ingresos non financeiros que os inicialmente previstos, redución en parte compensada pola minoración do gasto en relación ao inicial.

Os ingresos tributarios son os de maior importancia cuantitativa dentro do orzamento. No ano 2012 a recadación tributaria en Galicia incrementábase nun 1,2%, por debaixo do incremento medio estatal que

foi do 4,2%. Os dous principais impostos en termos de recadación son o IRPF e o IVE, que a nivel galego reducen a súa recadación fronte ao incremento na mesma a nivel estatal. No que respecta ao IRPF a súa recadación está afectada polo marcado descenso do emprego e polo tanto das persoas que perciben rendementos do traballo.

O modelo de financiamento económico establece a cesión a Galicia do 50% da recadación líquida do IVE no territorio, en funcións duns índices de consumo elaborados e certificados polo INE, unha recadación que se reduce un 2,4% fronte ao incremento do 2,4% no conxunto do Estado.

**O CES quere manifestar a súa preocupación pola progresiva redución de recursos dedicados á produción de bens públicos de carácter económico e social, tais como infraestruturas e actuacións ambientais, así como a redución de recursos para fomentar o desenvolvemento empresarial, fronte ao elevado e progresivo incremento dos recursos destinados a afrontar os pagos da débeda pública.**

### Evolución demográfica

A evolución demográfica de Galicia na última década, marcada por baixas taxas de natalidade e altas taxas de mortalidade así como por unha evolución negativa dos saldos migratorios, trae como consecuencia un grave problema poboacional, cun elevado grado de envellecemento e significativas perdas de poboación nos dous últimos anos. A crise económica está a afondar no inverno demográfico galego, favorecendo a emigración cara a outras Comunidades e cara ao estranxeiro e limitando a entrada de inmigrantes en Galicia. Na última década as maiores reducións poboacionais danse entre individuos con idades comprendidas entre os 15 e os 39 anos.



**Ante a gravidade dos problemas derivados da evolución da poboación en Galicia, o CES entende prioritario, que dende as Administracións se poñan os medios necesarios para acadar a dinamización demográfica de Galicia, tanto mediante medidas de apoio ás familias que favorezan a natalidade, como a través de políticas de emprego que logren fixar a poboación nova na nosa Comunidade.**

Un problema engadido ao xa citado de perda e avellentamento da poboación, é o derivado de que non existe unha homoxeneidade en termos xeográficos dos problemas demográficos. Así as provincias de Lugo e Ourense son as que máis perdas e maior avellentamento da poboación sofren, e, a nivel comarcal, a Galicia interior mostra unha perda de poboación en torno ao 1,3% no último ano, fronte ao incremento nas comarcas da zona Occidental-Costa.

A disparidade demográfica tamén se reflicte no feito de que o 36% da poboación galega está concentrada nas sete grandes

ciudades, manténdose a súa poboación estable en relación ao ano anterior. Fronte a esta concentración, os 63 concellos de menos de 1.500 habitantes existentes no ano 2011, acollen tan só ao 3,7% da poboación total galega. Nas dúas últimas décadas os concellos de menos de 1.500 habitantes perden en torno ao 30% da súa poboación, reducíndose nun 68% a poboación residente nestes concellos con menos de 16 anos, e incrementándose nun 87% a poboación residente con máis de 85 anos.

**A concentración e o forte envellecemento da poboación, fundamentalmente nas zonas con menor densidade poboacional, están determinadas tamén polas diferenzas en termos de desenvolvemento económico e social entre zonas urbanas e rurais.**

**O CES considera que o desenvolvemento económico do rural galego debería entenderse tamén como una medida fundamental dentro das políticas demográficas necesarias para evitar o abandono dunha parte do territorio galego cun gran potencial económico. □**

# CDS DOUS . mercado de traballo e relacións laborais

## Panorama xeral do mercado de traballo en Galicia

A recesión económica, con taxas negativas de variación do PIB real en Galicia do 1,2%, nun entorno financeiro inestable, deriva nunha maior profundización na crise no mercado laboral, reflectida na redución no número de afiliados á Seguridade Social, na redución nos niveis de emprego e no crecemento do desemprego.

No ano 2012 apróbase a Lei 3/2012, de 6 de xullo, de Medidas Urxentes para a Reforma do Mercado Laboral.

Neste mesmo ano 2012, continúa o lastre do deterioro do mercado laboral, sendo o número medio de afiliados á Seguridade Social en Galicia de 126.300 persoas menos que no ano 2008, o que supón en torno a un 12% menos de afiliados. No que respecta á ocupación, no período 2008-2012 Galicia perde 160.300 ocupados, o

que supón que no ano 2012 os niveis de emprego son un 13,5% menores aos que existían no ano 2008. Finalmente o paro rexistrado dende o ano 2008, increméntase en 108.000 persoas, o que supón que no ano 2012 é un 66,5% superior ao paro que se rexistraba no ano 2008, no que respecta ao paro estimado pola EPA, este é de 156.000 persoas máis no ano 2012 que as estimadas no ano 2008.

Tal como acontece en 2011, a evolución do mercado laboral no ano 2012 determina un leve incremento na taxa de actividade galega en relación ao ano anterior, un descenso na taxa de ocupación e un incremento na taxa de paro.

**O CES considera que o fomento do emprego debe estar asociado á implementación de medidas de estímulo económico que favorezan o retorno a unha senda de crecemento estable.**

A poboación activa en Galicia no ano 2012, ascendeu a 1.310.200 persoas, un 0,1% menos que no ano anterior. Esta perda de poboación activa está causada pola redución de poboación activa masculina, que no ano 2012, non se ve compensada pola incorporación á actividade da poboación feminina. Neste senso, os datos da EPA para o ano 2012 reflicten a existencia de 4.000 homes activos menos e de 3.000 mulleres activas máis, o 67,5% das mesmas de nacionalidade estranxeira.

O incremento de poboación activa feminina relaciónase coa redución da poboación feminina inactiva, que en Galicia foi de 8.700 mulleres e en España de 88.400 mulleres inactivas menos. No caso galego en torno ao 65% das mulleres inactivas que deixan de selo no ano 2012, eran estudantes; deixando tamén de estar incluídas como inactivas por percepción de pensións distintas ás de xubilación ou pre-xubilación, 4.200 mulleres.

**Os efectos nas economías familiares derivados da crise económica propician a incorporación de mulleres inactivas ao mercado laboral; neste senso destacar que o 70% das mulleres que se incorporan como activas teñen máis de 55 anos. O CES estima que as especiais características e circunstancias que rodean a incorporación laboral deste grupo de mulleres, debería derivar nun especial seguimento e consideración.**

### O emprego

Tras a moderación na perda de ocupación do ano 2011, no ano 2012 retómase a destrución de emprego acadando taxas similares ás dos primeiros anos da crise económica. No ano 2012 as persoas con emprego en Galicia son 1.039.500, un 4% menos que no ano anterior.

A gravidade do problema da perda e/ou non xeración de emprego, móstrase claramente no feito de que no período 2008-2012 Galicia perde en torno a 160 mil ocupados. A perda de poboación ocupada dende o comezo da crise económica no ano 2008, está especialmente localizada en homes (122 mil ocupados menos), con idades entre 25 e 34 anos (53.800 ocupados menos), asalariado do sector da construción (51.000 ocupados menos no período), cun nivel de formación acadado de educación primaria (44.100 ocupados menos con ese nivel de formación), e que ten fixada a súa residencia na provincia de Pontevedra, onde dende o ano 2008, rexístranse 75.200 ocupados menos, o que supón que esta provincia acolle o 46,8% da perda total de ocupación no período 2008-2012 en Galicia

**O CES considera necesario subliñar que, xunto ao grave problema económico e social asociado á menor ocupación, a crise está a provocar unha modificación das condicións do emprego, entre outros, en termos de incremento na taxa de traballo a tempo parcial, ou de redución da duración dos contratos.**

Seguindo a tendencia de anos anteriores, no 2012 descende de novo o volume de ocupados, descenso que acada o 4% en relación ao ano anterior, sendo do 4,5% o descenso medio no Estado, estabilizándose no 6% o peso porcentual dos ocupados galegos no total estatal. O descenso no emprego no ano 2012 céntrase novamente na poboación masculina, con 32.700 ocupados menos, fronte á diminución de 10.900 mulleres ocupadas, a maior perda de ocupación masculina está condicionada pola maior contracción do emprego na construción, cun emprego fundamentalmente masculino; así mesmo este descenso prodúcese en todos os grupos de idade, agás nos maiores de 55 anos que

incrementaron a súa ocupación nun 2,1%.

A menor actividade económica afecta a todos os sectores produtivos que reflicten no ano 2012 taxas negativas de crecemento do seu valor engadido bruto, o que ten como consecuencia perdas de emprego en todas as ramas de actividade. Analizando o descenso do emprego por sectores no período 2008-2012, observamos como no sector primario, no citado período, reducíronse 14.000 empregos, no sector industrial perdéronse 51.500 ocupados dende o ano 2008, na construción, destrúense 55.200 empregos, o que supón que no ano 2012 neste sector había un 41% menos de ocupados que os existentes no ano 2008. Finalmente o sector servizos, perde 39.600 ocupados, no período 2008-2012, o 5,2% do total; sendo a redución da ocupación neste sector no último ano do 2,2%, inferior á media estatal que foi do 3,3%, destacando que a taxa de variación da ocupación do sector servizos no ano 2012, tanto en Galicia como en España, foi a mais negativa dende o ano 2008.

No que respecta á perda de emprego en función da situación profesional, a destrución afectou exclusivamente aos asalariados, producíndose un incremento no número de traballadores por conta propia. O volume de asalariados reduciuse un 4,8% no sector público (9.600 asalariados menos) e un 5,4% no sector privado (35.000 asalariados menos). Atendendo á súa ocupación, en termos absolutos os maiores descensos rexistráronse no grupo de "Traballadores cualificados da industria manufacturera, construción, minaría, agás operadores.", con 14.900 empregados menos, e no grupo de "técnicos e profesionais científicos e intelectuais", con 6.000 persoas menos.

Un dato positivo no mercado laboral é a

existencia en Galicia no ano 2012 de 1.000 traballadores máis por conta propia que no ano anterior. Isto ven como consecuencia do incremento en 2.400 dos empresarios sen asalariados, o 88% dos mesmos mulleres, e en 900 os membros de cooperativos. Nembargante no período 2008-2012 o mercado de traballo galego perde 40.500 traballadores por conta propia.

Finalmente, destacar que no período 2008-2012, o número de ocupados reduciuse en todas as Comunidades Autónomas, sendo a redución media estatal no período, do 14,7%, situándose Galicia por debaixo da media, cunha redución do 13,4% na súa ocupación. A taxa de emprego baixa en todas as Comunidades no citado período, e, aínda que a redución no total estatal foi superior á redución en Galicia, a taxa de actividade galega segue sendo inferior á media estatal no ano 2012, así Galicia cunha taxa de emprego do 43,95%, ten a sétima taxa máis reducida do territorio español.

### Características e dinámica do mercado de traballo

No ano 2012 en Galicia había 186 mil persoas contratadas temporalmente, o que supón que de cada cen ocupados asalariados, 23,1 son temporais (23,6 de media no Estado), sendo case cinco puntos porcentuais maior a taxa de temporalidade feminina que a masculina. Prodúcese unha significativa redución da taxa de temporalidade en Galicia, de 1,6 puntos porcentuais, na liña da redución media da citada taxa no conxunto do estado (1,7 puntos porcentuais). Por provincias segue destacando Pontevedra pola súa elevada taxa de temporalidade (24,9%), a pesar da redución de 1,7 puntos porcentuais no último ano. A redución da taxa de temporalidade dos últimos anos, débese, en maior medida á caída do traballo temporal, que ao incremento do indefinido.

Durante o exercicio 2012, redúcese novamente a poboación ocupada a tempo completo e incrementábase a ocupada a tempo parcial. O peso do emprego a tempo parcial na economía galega segue sendo reducido, a pesar do incremento que se produciu no ano 2012, así só 13,1 de cada 100 ocupados son a tempo parcial, fronte aos 14,7 de cada 100 de media no Estado. O emprego a tempo parcial incrementouse no ano 2012 en Galicia (3%) en maior medida que na media estatal (1,8%). A poboación masculina ocupada a tempo parcial se incrementa nun 3,8% no ano 2012, a pesar do que o emprego feminino segue representando o 75,8% do total de poboación contratada nesta xornada.

O descenso no volume de ocupación tradúcese tamén nunha redución no número de contratos, que no ano 2012 ascenderon en Galicia ata os 662.328, un 1,4% menos que no ano anterior. A caída na contratación prodúcese nos contratos de duración temporal, que se reducen nun 1,2%, fronte ao aumento do 7,1% da contratación indefinida.

O 92% do total de contratos correspóndense con contratos de duración temporal. O xa elevado índice de rotación de contratos incrementábase novamente no ano 2012, de xeito que cada asalariado tivo de media 3,3 contratos temporais no ano 2012. Os contratos eventuais segundo circunstancias da produción, os de xubilación parcial, os contratos de substitución por xubilación aos 64 e os contratos para a formación, presentan unha medra do número de contratos, que non compensa a redución dos restantes tipos de contratos temporais, especialmente a redución en máis de 9.500 dos contratos de interinidade. O 33% dos contratos temporais en Galicia, son asinados por persoas con idades comprendidas entre 30 e 39 anos, sendo o 60,9% dos contratos temporais de duración inferior a 6 meses, dos que o 49%

teñen unha duración entre 15 días e un mes.

### Poboación parada

A consecuencia máis grave da crise económica no ámbito laboral, é, sen dúbida, o forte incremento da poboación parada, e a non creación de emprego, que deriva na existencia de elevadas taxas de desemprego de longa duración e xuvenil. No ano 2012, o desemprego estimado en Galicia acadou de media as 270.730 persoas, un 18,6% máis que no ano anterior, fronte ao 15,4% de incremento medio no conxunto do Estado; neste senso, tal como ven acontecendo dende o ano 2010, as taxas de crecemento do paro estimado son en Galicia significativamente superiores ás existentes de media no Estado.

O desemprego non afecta coa mesma intensidade a homes e a mulleres, nin nos distintos grupos de idade. O paro estimado no último ano aumentou de xeito máis acusado no caso dos homes, cunha subida media do 24,7% en relación ao desemprego do ano anterior, fronte ao 12,3% no caso das mulleres. No que respecta aos distintos grupos de idade, no último ano os grupos entre 20 e 24 anos, así como os maiores de 45 anos, son os que incrementaron por riba da media o seu número de parados, cun incremento do 21,1% e do 28,8% respectivamente.

**O CES cree necesario avanzar na complementariedade entre as políticas económicas e de emprego e as medidas de protección e inclusión social, con especial atención aos colectivos con maiores dificultades, como é o caso dos maiores de 45 anos.**

Dende o ano 2008 as crecentes taxas de paro afectan de xeito especial aos menores de 25 anos. Este grupo de idade pasa de ter unha taxa de paro do 21,2% no ano

2008 (24,6 de media no Estado), ao 45,5% no ano 2012 (53,2% no Estado).

**O CES pon de manifesto que a persistencia e a duración do desemprego é especialmente preocupante no caso dos mozos e das mozas; polo que é importante insistir na necesidade de promover ferramentas efectivas que permitan á mocidade acadar e mellorar a súa empregabilidade.**

Xunto ao volume de desemprego, e á elevadísima taxa de paro xuvenil, un terceiro problema do mercado laboral radica no elevado paro de longa duración, así no ano 2012, en Galicia o 50% da poboación parada leva máis dun ano na procura de emprego, dos que o 56% levan dous ou máis anos nesa situación, sendo este segmento de poboación parada un 24,1% maior que no ano anterior. (24.100 persoas máis).

O número de persoas paradas rexistradas nas oficinas de emprego de Galicia acadou no ano 2012 as 270.500 persoas, 29.200 persoas máis que no ano anterior. Continuando coa tendencia iniciada en 2011, Galicia mostra un peor comportamento en relación á media española, dado que o paro rexistrado medra un 12,1% en Galicia fronte ao 10,9% de media en España.

A falla de estímulo económico ante unha cada vez máis profunda crise económica, propicia que o paro rexistrado medre en todos os sectores produtivos e nas catro provincias galegas. O sector servizos, afectado pola redución de demanda, rexistra en 2012 o maior número de parados, ao acoller o 55,8% dos parados galegos, seguido da construción co 16,7%, e das actividades industriais, co 14,9%. Porén, analizando o período 2008-2012, o sector da construción é o que presenta o

maior crecemento no número de parados rexistrados. Un elemento diferencial no último ano, son as taxas de crecemento do paro rexistradas no sector da agricultura e pesca e nos servizos, cun 19,4% e un 15,6% máis de paro rexistrado respectivamente no ano 2012.

Asociado á redución no volume de ocupación, prodúcese un incremento no número de parados estimados en todas as Comunidades Autónomas, así como un incremento das taxas de paro, sendo as Comunidades que presentan as maiores taxas de paro no ano 2012, as de Andalucía (34,6%), Estremadura e Canarias (33% en ámbolos dous casos). Galicia, tras incrementar en máis de tres puntos porcentuais a súa taxa de paro no último ano, cunha taxa do 20,7% é a oitava Comunidade con menor taxa de paro no ano 2012, sendo tamén a taxa de actividade galega a sétima máis reducida do conxunto do Estado. A taxa de paro galega é 3,25 puntos porcentuais inferior á taxa media estatal.

Cinco anos de profunda crise económica, con fortes efectos no mercado laboral, levan á economía galega a acadar históricas taxas de paro, nunca antes sufridas, do 20,5%, feito que asociado a que o 28% dos parados levan máis de 2 anos na procura de emprego, deriva nun grave problema de precariedade social e económico.

**As peores consecuencias da crise económica no mercado laboral son a forte destrución de emprego e o grave incremento da poboación parada, polo que o CES entende necesario destacar que a consecución do crecemento económico necesario para acadar a creación de emprego debe ser o obxectivo global das políticas económicas que se implementen por parte dos poderes públicos.**

## Relacións laborais

A lei 3/2012, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, altera substancialmente a estrutura da negociación colectiva. En Galicia no ano 2012 rexistráronse 841 convenios (126 de sector e 715 de empresa), un 1,3% máis que no ano anterior, dos que no ano 2012 asináronse 117, a cifra máis baixa dos últimos dez anos, afectando a un total de aproximadamente 63 mil traballadores, 74 mil traballadores menos que no ano 2011.

O incremento salarial medio pactado nos 147 convenios asinados ou revisados en 2012, foi do 1,47%, o máis baixo do que se ten rexistro, máis dun punto porcentual inferior ao IPC galego. A xornada media efectiva incrementouse ata as 1.581 horas anuais (1.563,8 de media no Estado), sendo Galicia a quinta Comunidade Autónoma con maior xornada media efectiva por detrás de Baleares, Canarias, Madrid e Castela- A Mancha.

O número de expedientes de regulación de emprego autorizados en Galicia no ano 2012 incrementouse un 56,5%, acadando os 2.612 expedientes, 943 máis que no ano precedente. O total de traballadores afectados, despois dun incremento de máis do 70% no ano 2011, incrementábase de novo no ano 2012 nun 30% acadando 29.647 traballadores afectados, dos que 19.535 (o 65,9%) sufriron unha suspensión do emprego e 3.500 traballadores (o 11,8%), unha rescisión do seu contrato.

Galicia é a sexta comunidade autónoma en número de expedientes comunicados no ano 2012.

## Seguridade e saúde no traballo

A progresiva redución da actividade económica a partir do ano 2008, xunto coas medidas implementadas no ámbito da

seguridade laboral, traen como consecuencia un descenso do número de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, que no ano 2012 foron 23.668, un 24% menos que no ano precedente.

A sinalada diminución da actividade económica, reflíctese na redución no número total de accidentes en todos os sectores económicos. O sector da construción é o que experimenta un maior descenso porcentual, un 34,1% de accidentes menos que no ano anterior, seguido da industria, cun descenso do 27,6%, e do sector servizos, co 19,5% menos de accidentes que en 2011

O índice de incidencia acadou en Galicia, os 2.925 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, 130 accidentes máis que a media estatal, continuando un ano máis Galicia como a sexta Comunidade con maior número de accidentes con baixa laboral.

Finalmente salientar o descenso, no ano 2012, dos procesos iniciados de baixas laborais por continxencias comúns, cunha incidencia media de 14,25 baixas por cada 1.000 traballadores protexidos, fronte ao incremento da duración media dos mesmos, que se sitúa nos 58,59 días, sendo de 53,17 no ano anterior. A duración media en Galicia é moi superior á estimada no total estatal, que, no citado ano 2012, foi de 37,12 días. □

# CDSTRES. tecido produtivo

## Demografía empresarial

Unha das consecuencias da crise é a redución, un ano máis, do número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social. No ano 2012 en Galicia estaban inscritas 77.905 empresas, 3.220 menos que no ano anterior, e en torno a dez mil menos que no ano 2008.

A perda de empresas en Galicia acada un descenso do 4%, fronte ao 3,2% de descenso medio no Estado.

Un elemento fundamental do tecido empresarial en Galicia son os traballadores autónomos. O número de autónomos propiamente ditos en Galicia no ano 2012 era de 144.305, e representan o 7,6% do total estatal, un peso que se mantén inalterado a pesar da perda do 2% de autónomos no último ano, perda que afecta en maior medida ás mulleres. A sinalada perda tamén é especialmente significativa, nos titulares dun

negocio de entre 3 e 5 anos de antigüidade, onde descende en máis do 71% o número de traballadores autónomos, iniciativas empresariais xurdidas na crise económica e que non foron quen de saír adiante.

A inestabilidade da dinámica empresarial, un ano máis, determina o incremento no número de empresas creadas, no número de empresas disoltas e, polo tanto, no índice de rotación empresarial.

No ano 2012 inscribíronse no Rexistro Mercantil un total de 4.142 sociedades mercantís en Galicia, un 1,4% máis que no ano anterior, incremento importante aínda que inferior á media estatal que foi do 2,7%. No ano 2012, tras o forte crecemento experimentado polo capital social das empresas creadas no ano 2011, este descende nun 52% acadando os 229 millóns de euros.

En Galicia no ano 2012 creáronse 14,9



sociedades por cada 10.000 habitantes, sendo a sétima comunidade cunha maior rateo.

Paralelamente ao incremento no número de empresas creadas, novamente no ano 2012, se incrementa o número de empresas disoltas, chegando a 1.714 sociedades, un 16,9% máis que no ano anterior. En Galicia disólvense 41,4 sociedades por cada 100 creadas, 15,5 máis que a media estatal. Esta rateo medrou en Galicia en relación ao ano anterior, en 5,5 empresas fronte a 2,6 no conxunto do Estado.

No exercicio 2012 continúa a tendencia de incremento continuado no número de empresas concursadas, acadando as 481 (274 no ano 2009), o que supón un forte crecemento do 17,3% en relación ao ano anterior, aínda que lonxe das taxas acadadas a nivel estatal en torno ao 32%. A distribución sectorial das empresas concursadas, mostra que o 30,8% do total (148 empresas) pertencen ao sector da construción, o 23,9% (115 empresas) as ramas da industria e a enerxía, e o 20% do total (96 empresas) pertencen as ramas do comercio por xunto.

O 31,6% do total de empresas concursadas en Galicia no ano 2012 tiñan entre 10 e 49 empregados, destacando que no citado ano entran en concurso de acredores 8 empresas con máis de 100 asalariados.

**O incremento no número de empresas creadas é moi inferior ao que se produce no ano 2012 no número de empresas que se disolven. Isto provoca que Galicia teña índices de rotación empresarial moi superiores á media estatal, o que, unido a un continuo incremento no número de empresas concursadas, deriva nun grave problema de deterioro do tecido empresarial na nosa Comunidade. Ante unha situación como a actual, o**

**CES estima que o apoio ao tecido empresarial pasa tanto por promover iniciativas que faciliten o mantemento da actividade como por poñer os medios necesarios para dirixir o fluxo de crédito cara ao sector produtivo.**

En relación ás empresas de economía social, no ano 2012 continúa o incremento do número de cooperativas e socios iniciais, acadando as 919 cooperativas e os 8.530 socios, o que supón o 4,3% e o 3% do total de cooperativas e socios iniciais do conxunto do Estado. Pola contra o número de sociedades laborais existentes descendeu, existindo no ano 2012 en Galicia 699 sociedades deste tipo, 40 menos que no ano anterior.

Galicia nos dous últimos anos presenta unha maior perda relativa do tecido empresarial que a rexistrada de media no Estado; esta peor evolución cobra maior intensidade na provincia de Pontevedra, onde no ano 2012 existían 4.452 empresas inscritas na Seguridade Social menos que as rexistradas no ano 2008.

### Estrutura produtiva

A estrutura produtiva galega presenta, en relación á media estatal, un peso porcentualmente inferior en termos de VEB do sector servizos, e maiores porcentaxes tanto da industria, como da construción e do sector primario, que en Galicia case duplica o peso medio do conxunto do Estado. O sector servizos aporta o 64,8% do VEB total (71,3% a nivel estatal), a industria o 19,3%, a construción o 10,7% e a agricultura, gandería e pesca o 5,1% restante.

Agás o sector primario, todos os sectores produtivos, mostran taxas de variación interanual do seu VEB, negativas no ano 2012. Así, fronte á estabilidade no valor engadido bruto real aportado polo sector

primario, as ramas industriais reducen o seu aporte nun 1,3%, a construción nun 4,1%, e, por primeira vez dende o ano 2009, os servizos decrecen cunha taxa de variación interanual negativa en torno ao 1%.

A crise económica e os graves efectos da mesma sobre a estrutura produtiva, trasládanse ao mercado laboral, con reducións no volume de ocupación en todos os sectores. Esta menor actividade reduce un 4% do emprego do sector primario, un 6,7% do emprego industrial, un 13,6% na construción e un 2,2% no sector servizos.

#### ● Sector primario e industrias relacionadas

O sector primario desempeña un importante papel na realidade socioeconómica da nosa comunidade; importancia que se reflicte no peso do VEB aportado polo sector sobre o total, que no ano 2012 acadou o 5,1%, superando amplamente a media estatal do 2,7%, así como polo seu volume de emprego. Non obstante, obsérvase unha acelerada tendencia decrecente no emprego, que, previsiblemente, se manterá no futuro.

O sector primario galego acolle o 10,6% do total da poboación ocupada no sector no conxunto do Estado, e o 10,1% do VEB total, o que sitúa a Galicia como a terceira Comunidade con maior aporte, tras Andalucía e Castela e León.

Dentro do sector primario o subsector agrogandeiro está experimentando unha redución no número de explotacións e un incremento da superficie agraria útil das mesmas, consecuencia da evolución demográfica e dos procesos de axuste do subsector, nembargante o elevado grao de parcelación da superficie agraria continúa constituíndo un grave problema para acadar a viabilidade económica das explotacións en Galicia.

A gandería galega ten unha gran importancia dentro do sector, tanto pola produción gandeira en si mesma, carne e leite, como pola orientación da agricultura ás producións para alimentación animal.

A produción de leite increméntase en Galicia un 1,8% no ano 2012, acadándose un prezo medio por litro de 31,8 céntimos, superior á media estatal e ao fixado de media no ano 2011. Galicia dispón do 37,5% da cota leiteira total estatal, descendendo o volume total de toneladas por explotación con cota, o que reforza o posicionamento de Galicia como a Comunidade con menor rateo cota /explotación.

#### O afondamento nos axustes estruturais, así como a aposta pola calidade e a especialización, son as bases nas que se debería sustentar a recuperación e fortalecemento do subsector agrogandeiro en Galicia.

No que respecta ao subsector pesqueiro, a actividade total das lonxas galegas descende no ano 2012, reducíndose nun 4,6% o volume total de kg. de peixes e mariscos comercializados, e nun 7,2% o valor total en primeira venda. Tanto en volume como en valor os peixes son o grupo máis importantes.

No que respecta á pesca extractiva, o número de buques pesqueiros en Galicia no ano 2011, último dispoñible, foi de 4.798, nos que están empregados 12.552 tripulantes.

Dos buques que faenan no caladoiro nacional, o estrato de flota de artes menores, que traballa fundamentalmente nas augas da Comunidade Autónoma, con 4.188 embarcacións e co 50% do emprego directo do sector da pesca en Galicia, configúrase como unha actividade estratéxica cunha grande importancia económica e social.

No ano 2012, dentro do subsector silvicultura-madeira, as industrias de primeira e de segunda transformación, reflicten unha redución do seu volume de facturación, máis acusado para a segunda transformación.

As industrias de primeira transformación, manteñen, con leves descenso, os seus niveis de actividade, favorecidas pola súa forte orientación exportadora e pola forza da demanda dos mercados exteriores. Nembargante as industrias de segunda transformación está a sufrir o forte descenso na demanda interna, reducindo a súa facturación en torno ao 8% no último ano.

#### ● Sector industrial

O sector industrial no ano 2012 reduce nun 1,3% o seu VEB real, o que supón a moderación da taxa de variación negativa en relación á rexistrada no ano precedente. A importancia relativa da actividade industrial no VEB a prezos de mercado da economía galega é do 19,2%, case catro puntos porcentuais máis que na media estatal.

A evolución do valor engadido polo sector, medido a través do Índice de Producción Industrial, mostra igualmente unha variación negativa do 2,7%, aínda que máis moderada que a experimentada en España, que foi do -5,9%. A evolución máis negativa dentro do IPI se corresponde cos bens de equipo, cun descenso do 11,7%.

A perda de actividade no sector industrial ten como consecuencia o descenso de case 7.600 afiliados á Seguridade Social en relación ao ano anterior. Unha perda de ocupación que é case xeneralizada a todas as ramas de actividade industrial.

#### **A caída da actividade e do emprego na industria, a evolución negativa do**

**índice de produción industrial, e as pesimistas previsións sobre o futuro que mostra o indicador de confianza empresarial, reflicten os graves problemas nos que se atopa o modelo produtivo actual, sobre todo polo que afecta aos sectores estratéxicos do sistema industrial galego. O CES entende necesario, para paliar estes efectos, contar con medidas específicas de apoio ao sector industrial, entre outras restaurar o acceso ao crédito ás empresas.**

Pola súa importancia económica e estratéxica destacan no sector industrial galego, o subsector enerxético, o subsector naval e a automoción.

No que respecta ao subsector enerxético, no ano 2012 tanto en Galicia como no conxunto do Estado, prodúcese un incremento na produción dispoñible de enerxía por todos os métodos, agás a hidroeléctrica cuxa produción diminuíu un 33,3% en relación ao ano anterior. A enerxía eólica, segunda en importancia, increméntase un 12,9% e a termoeléctrica nun 30,2%.

A demanda de produtos petrolíferos redúcese un 5,1% en Galicia (6,9% de redución media no Estado), directamente afectada pola menor actividade económica.

A industria da automoción en Galicia rexistra no ano 2012 os peores datos de facturación e de emprego, dende o comezo da crise económica no ano 2008, cun descenso do 12,8% na súa facturación e do 4,1% do emprego. Dado o carácter netamente exportador desta industria, o 64% da súa facturación total procede das exportacións, a expansión da crise económica da periferia ao centro europeo, afecta moi negativamente á súa actividade produtiva.

A pesar dos graves efectos da crise sobre o sector da automoción, este segue sendo

un pilar fundamental da estrutura produtiva galega, aportando en torno ao 11% do PIB, o 11,3% do emprego industrial, e o 23% das exportacións totais de Galicia.

O sector naval galego atópase nunha situación moi grave, cunha redución dende o ano 2008 no número de pedimentos e no arqueo total dos mesmos. No ano 2012 rexístranse só 6 novos contratos e 13 pedidos, con arqueos totais respectivamente de 23.746 e 45.000 toneladas brutas. A falla de demanda leva á inactividade total de moitos asteleiros galegos.

**O CES insta a acadar unha solución aos problemas derivados do actual marco normativo contractual, que se traducen nunha brusca caída da actividade do sector naval en Galicia. A supervivencia dos sectores estratéxicos é fundamental para poder asentar a recuperación económica e asegurar un crecemento sostible, baseado na especialización en producións de alta tecnoloxía e gran valor engadido**

#### ● Sector da construción

O sector da construción no ano 2012 reduce nun 4,1% o seu VEB real, o que supón a intensificación da taxa de variación negativa en relación á rexistrada no ano precedente. A importancia relativa da construción no VEB a prezos de mercado da economía galega é do 10,7%, 1,6 puntos porcentuais máis que na media estatal.

O sector da construción continúa co axuste iniciado tras a crise económica. Este sector afronta graves problemas derivados da súa sobredimensión, nun contexto de desaceleración da demanda e de fortes restricións crediticias, así como de austeridade de gasto público.

O mercado descenso de actividade do sec-

tor ten graves efectos sobre a ocupación, que no último ano se reduce nun 13,6%. O maior peso do sector da construción na economía galega, que na media do Estado, tanto en termos de VEB como de emprego, intensifica os efectos negativos derivados da crise do sector.

Xunto a xa citada redución da demanda privada, a redución do 7,6% no valor da licitación pública en Galicia no ano 2012 incide negativamente, aínda sendo unha redución moi inferior á rexistrada no conxunto do Estado, un 45,5% inferior á licitación pública do ano 2011. Esta menor caída da licitación pública en Galicia, é consecuencia do forte investimento de ADIF, especialmente na provincia de Ourense.

A licitación da Administración autonómica foi 175 millóns de euros inferior á do ano anterior, a da Administración local diminuíu un 53,3%, e só a licitación da Administración Xeral en Galicia se incrementa no último ano, acadando os 1.253 millóns de euros, o que supón un incremento do 15,2%, fronte ao descenso de máis do 58% da licitación desta Administración no conxunto do Estado.

A licitación da Administración Xeral en Galicia diríxese fundamentalmente á obra civil na provincia de Ourense, onde se inviste o 75,4% do total do licitado para obra civil en Galicia no ano 2012, dedicado á construción da liña férrea de alta velocidade.

O axuste no mercado da vivenda en Galicia continúa no ano 2012, cun descenso do 38,5% no número de vivendas rematadas, do 18,9% no número de visados de dirección de obra, do 14% na compravenda de vivendas e do 20,1% no número de hipotecas constituídas sobre fincas urbanas. A forte redución da demanda inmobiliaria, tradúcese nun descenso de case 13 puntos

no valor medio do índice de prezos da vivenda, que no ano 2012 se sitúa en 82,8 puntos (2007=100), aínda superior á media estatal que é de 72 puntos.

### Sector servizos

O sector servizos aporta en torno ao 65% do Valor Engadido Bruto total da economía galega no ano 2012, o que supón 33,5 mil millóns de euros e o 4,9% do VEB do sector no conxunto do Estado.

No ano 2012, as actividades englobadas no sector servizos reducen, por primeira vez dende 2009, nun 1% o seu VEB real. A redución da actividade do sector, tradúcese nunha redución do emprego do 2,2%, o que supón 16.100 ocupados menos que no ano 2011, rexistrando o sector servizos en Galicia 716.900 persoas ocupadas. Este sector acolle ao 69% dos traballadores ocupados en Galicia, destacando por volume de ocupación as actividades de Comercio por xunto e ao retalho, as Actividades Sanitarias e de Servizos sociais, as actividades de Administración pública, SS obrigatoria, a Educación e a Hostalería.

**Os graves efectos que a redución da demanda provoca sobre a actividade económica, son, se cabe máis preocupantes, cando afectan a un sector coa importancia económica e social do sector servizos, tanto polo valor que xera como polo emprego que acolle.**

O 22% do emprego xerado no sector servizos localízase nas actividades de comercio por xunto e ao retalho.

A forte contracción da demanda afecta moi negativamente ás actividades de comercio por xunto e ao retalho en Galicia, existindo unha percepción moi pesimista sobre a evolución dos seus negocios, plasmada en índices de confianza empresarial que no

terceiro trimestre do ano 2012 mostran como máis do 70% dos comerciantes ao retalho prevían unha diminución da súa actividade.

No que respecta ao sector turístico, o ano 2012 caracterízase por unha redución do número de viaxeiros e de pernoitas, do grao de ocupación e da estadía media, tanto no caso dos establecementos hoteleiros como nos establecementos de turismo rural.

O forte descenso da demanda turística nacional impacta con maior intensidade nos destinos turísticos con baixo peso da demanda estranxeira, como é o caso do sector turístico galego, onde 77 de cada 100 viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros galegos son residentes en España.

**O CES considera necesario incrementar o dinamismo do sector turístico de Galicia ante a elevada caída da demanda nacional. Por iso a reorientación do sector cara a demanda estranxeira e o replantexamento da oferta cara a actuacións que reduzan a súa estacionalidade son de gran importancia para a súa recuperación e para acadar un crecemento sostido no tempo do sector turístico en Galicia.**

En relación ao ámbito das actividades de transporte, O 73,4% do total de mercadorías transportadas en Galicia no ano 2012, utilizan o transporte por estrada. A pesar de ser o transporte máis utilizado, o volume de mercadorías transportadas en Galicia, igual que acontece no conxunto do Estado, redúcese nun 8,5% (13,9% de redución media estatal). O segundo medio en importancia en canto ao volume de mercadorías transportadas é o marítimo, que move o 23,2% do total de mercadorías en Galicia, tráfico que se incrementou

no último ano, un 9,2% nos portos galegos de interese xeral e un 8,8% máis nos portos xestionados por Portos de Galicia.

Finalmente, no que respecta ao sector financeiro, no ano 2012 descenden o número de oficinas, depósitos e créditos concedidos polas entidades financeiras en Galicia. Porén resulta importante salientar o feito de que o descenso dos créditos concedidos afecta exclusivamente ao sector privado, xa que os créditos concedidos ás Administracións Públicas increméntanse nun 18,4%, acadando un volume próximo aos 97 mil millóns de euros, nun escenario de redución do gasto público non financeiro.

**O continuo descenso do volume de crédito concedido ao sector privado tanto en Galicia como no conxunto do Estado, parece evidenciar a escasa repercusión neste ano, das medidas de reforma do mercado financeiro. Neste senso o CES estima fundamental a posta en marcha de medidas dirixidas a potenciar a canalización do aforro ás necesidades de gasto dos axentes económicos, para poder recuperar unha senda de crecemento estable.**

#### ● Sector exterior

A pesar de que a economía mundial modera o seu crecemento e a actividade dos países da Unión Europea contráese significativamente no ano 2012, as exportacións españolas increméntanse nun 5%, o que xunto á contracción das importacións afectadas pola redución da demanda interna, favorece a mellora do déficit comercial español, continuando o sector exterior, un ano máis, como principal motor da economía.

A evolución menos negativa da economía

galega no último ano en relación á española, fundaméntase nunha menor caída da demanda interna, xa que o sector exterior contribúe en menor medida que no conxunto do Estado ao crecemento do PIB.

A contribución positiva do sector exterior galego ao crecemento agregado da nosa comunidade, é consecuencia do saldo comercial positivo co resto do mundo, xa que o saldo comercial co resto das comunidades autónomas é negativo. Nembargante, no último ano, o saldo comercial co resto do mundo redúcese nun 40,5%, debido ao descenso do 3,8% no valor das exportacións e ao incremento do 3,4% no valor das importacións. A evolución das exportacións e importacións galegas co resto do mundo ten como consecuencia a redución na taxa de cobertura en máis de 13 puntos porcentuais.

O principal mercado galego fora das súas fronteiras son o resto de Comunidades Autónomas do Estado español, destino do 43,6% das exportacións e orixe do 52,7% das importacións galegas. O déficit comercial co resto de CCAA redúcese no último ano, pese ao que segue sendo de -3.822 millóns de euros.

**A xeneralización da crise económica ao conxunto da zona euro, principal mercado das exportacións galegas, xunto coa gran concentración de exportacións en sectores como o automóbil, profundamente afectados pola crise de demanda, desemboca nunha redución da actividade comercial galega co resto do mundo. Ante unha situación económica marcada por unha profunda redución da demanda interna, a apertura de novos mercados e a potenciación das exportacións, parece no corto e medio prazo, un dos vectores clave para estimular o crecemento.**

No ano 2012 as importacións galegas do resto do mundo acadaron os 14.822 millóns de euros, o 5,8% do valor total das importacións españolas. O 41,7% do total de importacións galegas correspóndense con combustibles e vehículos, destacando sen embargo no último ano o incremento en torno ao 6% respectivamente das importacións de produtos alimenticios, materias primas ou manufacturas de consumo.

O principal país de orixe das importacións galegas é Francia por mor do peso da factoría PSA-Citroën, seguida de Portugal.

As exportacións galegas ao resto do mundo no ano 2012 acadaron os 16.496 millóns de euros, o 7,4% do valor total das exportacións españolas, sete décimas menos que no ano anterior. Ao igual que coas importacións, o 43,2% do valor total das exportacións galegas correspóndese con vendas de vehículos e prendas de vestir, destacando no último ano o incremento no valor das exportacións de produtos enerxéticos, manufacturas de consumo e bens de consumo duradeiro.

O principal país de destino das exportacións galegas, igual que no caso das importacións, é Francia seguida de Portugal, concentrándose o 58,2% do total de exportacións na euro zona.

A profundidade da crise económica que afecta a Portugal ten como consecuencia unha forte caída das exportacións galegas a ese país. A redución afecta á meirande parte de produtos exportados a Portugal, salientando polo seu peso, a caída nas exportacións de bens intermedios, enerxéticos e non enerxéticos, e en bens de consumo alimentario. Dado o peso de Portugal no comercio exterior galego, os graves efectos da crise económica nese país, repercuten no noso saldo comercial, e por ende, no menor aporte do sector exterior ao crecemento da nosa economía.

**O CES considera que a grave crise que está a padecer Portugal, agrava os problemas económicos de Galicia, xa que a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, polo seu tamaño e integración, constitúe un espazo básico para o desenvolvemento económico de ámbolos dous territorios.**

O valor das importacións galegas incrementábase no ano 2012 un 3,5%, sen embargo se deducimos as importacións de vehículos de motor e combustibles, que representan en torno ao 42% do valor total, as importacións galegas descenden un 0,5% en relación ás realizadas no ano anterior. Na mesma liña, os datos das exportacións galegas vense condicionados pola evolución das exportacións de vehículos automóbiles e materias téxtiles e as súas manufacturas, que representan en torno ao 45% das exportacións totais galegas no ano 2012.

Así, fronte á redución do 3,8% do valor do conxunto das exportacións, se eliminamos o valor das exportacións de automóbiles e téxtil, as exportacións galegas incrementábase un 0,9%, destacando o incremento en torno ao 8% das exportacións de produtos alimenticios ou o incremento de case o 9% do valor das exportacións de metais comúns e manufacturas destes metais.

**O elevado peso de determinados sectores no comercio exterior co resto do mundo pode alterar a avaliación dos esforzos de apertura a mercados internacionais da empresa galega, uns esforzos que o CES entende deben ser favorecidos e potenciados.**

No que respecta ao investimento estranxeiro en Galicia e de Galicia no exterior, destaca principalmente o seu carácter reducido e volátil, así fronte ao incremento do mesmo no ano 2011, no ano 2012 prodúcese un forte descenso.

O investimento bruto estranxeiro en Galicia foi de 147 millóns de euros, un 66% inferior ao do ano anterior, descenso motivado pola caída do investimento de países tradicionalmente moi importantes, como é o caso de Portugal. O investimento bruto galego no exterior foi de 112,4 millóns de euros, un 79% inferior ao do ano anterior, sendo as ramas de actividades ás que se dedicaron maiores investimentos as relacionadas coas actividades inmobiliarias, os servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións e os servizos técnicos, arquitectura e enxeñería. □



# CDS **SCATRO** . **calidade de vida e benestar social**

## Prestacións económicas

No ano 2012 mantense estable, en torno ás 966 mil, o número de persoas beneficiarias dalgún tipo de prestación económica en Galicia. Desagregando por tipo de prestación obsérvase, en primeiro lugar, un incremento dos beneficiarios de pensións contributivas e de subsidios por desemprego, e unha redución dos beneficiarios de pensións non contributivas.

O número de pensións contributivas en Galicia ascendeu a máis de 732 mil, o que supón un 0,7% máis que no ano anterior. O importe medio das pensións contributivas galegas acada os 696,3 euros, un 3,3% máis que no ano precedente, o que non impide que siga sendo, un ano máis, o importe medio máis reducido do conxunto do Estado. Por clase de pensión, todas as pensións contributivas teñen en Galicia un importe medio inferior á media estatal. Así mesmo, o importe medio das pensións de

xubilación e viuvez galegas é o máis reducido do Estado; no caso das pensións por incapacidade permanente o importe medio en Galicia é o terceiro máis reducido, e para as pensións de orfandade e favor familiar, con 380,69 euros, o importe medio en Galicia é o oitavo do Estado.

De xeito contrario ao que acontece co número de pensións contributivas, as pensións non contributivas redúcense en Galicia no ano 2012, acadando as 44.878, o que a sitúa como a cuarta comunidade con maior número de beneficiarios. O 37,6% do total de beneficiarios de pensións non contributivas perciben unha pensión de invalidez e o restante 62,4% de xubilación.

No que respecta ás prestacións por desemprego, no ano 2012 increméntase o número de beneficiarios un 3,1% acadando en torno ás 162 mil persoas, das que o 53,1% tiñan dereito a prestacións a nivel contri-

butivo, o 39,6% a nivel asistencial e o 7,2% restante á renda activa de inserción; porcentaxes similares ás rexistradas no ano precedente.

Fronte ao aumento no último ano do 12,1% no paro rexistrado, o número de beneficiarios con dereito a prestación increméntase nun 3,1%.

En Galicia o 66,2% dos parados rexistrados con experiencia laboral previa teñen dereito no ano 2012 a algún tipo de prestación, porcentaxe similar á media estatal, pero inferior á taxa de cobertura do ano 2011 que era do 68%. O 35,2% dos parados rexistrados con algunha experiencia laboral previa, teñen dereito a unha prestación contributiva, sendo esta porcentaxe do 36,45% no ano precedente, e o 26,25% teñen dereito a un subsidio, sendo esta porcentaxe do 26,69% no ano 2011. O importe medio das prestacións contributivas por desemprego en Galicia redúcese pasando de 826 euros/mes no ano 2011 a 818 euros/mes no ano 2012.

**O aumento do desemprego e as elevadas taxas de paro de longa duración, explican en gran parte a redución nas taxas de cobertura pública das persoas desempregadas. O CES estima necesario adaptar as coberturas sociais ás circunstancias excepcionais provocadas pola crise económica.**

O empeoramento das condicións de vida e o aumento dos niveis de pobreza está asociado a un maior número de peticións e de beneficiarios da Renda de Integración Social e das Axudas de Emerxencia Social. O número total de beneficiarios da RISGA a 31 de decembro de 2012 foi de 6.718 persoas, 1.302 beneficiarios máis que na mesma data do ano anterior; sendo o perfil xeral dos perceptores desta renda, o dunha muller entre 25 e 44 anos, solteira

ou separada, con cargas familiares, que vive nunha zona urbana, cun nivel de estudos primarios incompletos e que se atopa en situación de desemprego. O importe medio da RISGA no ano 2012 é semellante ao do ano anterior, situándose en torno aos 389 euros.

En canto ás Axudas de Emerxencia Social (AES), concedéronse no ano 2012 un total de 2.595 axudas, cunha contía media de 1.013,6 euros, sendo o perfil dos beneficiarios destas axudas, novamente o dunha muller entre 35 e 44 anos desempregada e con estudos primarios.

O importe da renda de integración en Galicia sitúase no 62,3% do salario mínimo profesional, fronte ao 65,9% na media do Estado, e a taxa de cobertura desta renda é do 2,64 por cada mil habitantes fronte ao 4,76 de media no Estado.

**O CES entende necesario incidir nas medidas para garantir os mínimos de subsistencia ante a profundización dos efectos sociais da crise económica.**

### Saúde

O ámbito da saúde ven notoriamente marcado pola modificación do marco legal sanitario vixente operado a través do Real Decreto-Lei 16/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do SNS, que afecta ao conxunto da poboación e, en particular, á poboación con maiores necesidades asistenciais.

**Dada a evolución da poboación galega, cunha tendencia, máis acusada nos últimos anos, ao estancamento e ao envellecemento, o CES cree necesario ter en conta que as necesidades actuais e futuras da poboación poden verse, en gran medida, afectadas polas modificacións orzamentarias e**

### **de servizos que se derivan dos recentes cambios normativos.**

O envellecemento da poboación galega aséntase nun incremento significativo da esperanza de vida, 81,9 anos en 2011, unido a unhas moi baixas taxas de natalidade, o que deriva no chamado "inverno demográfico" que ten efectos directos sobre o gasto e as necesidades sanitarias e sociais.

A principal causa de morte en Galicia no ano 2011 son as enfermidades relacionadas co sistema circulatorio, causantes do 32,4% das defuncións, seguidas dos tumores, que causan o 27,8% dos decesos. Na última década, sen embargo, as defuncións por afeccións circulatorias reducíronse nun 12,3%, fronte ao incremento do 12,7% nas mortes causadas por tumores.

### **O incremento na última década no número de procesos tumorais fai, se cabe máis necesario incrementar os fondos destinados á investigación neste campo, así como á implementación de programas de cribado que favorezan a prevención e a diagnose precoz da enfermidade.**

A poboación protexida polo Sistema Nacional de Saúde no ano 2012 en Galicia ascendeu a 2.650.841 persoas, o 95,4% da poboación empadroada, o que supón un incremento do 2,8% nos últimos doce anos, lonxe do crecemento medio estatal (18%). Galicia acolle ao 5,85% da poboación total protexida polo sistema, sendo a quinta Comunidade Autónoma cunha maior poboación protexida.

No ano 2012, con 36.089 persoas na lista de agarda, increméntase o número de pacientes na lista de espera estrutural cirúrxica, permanecendo practicamente invariable a demora media. O 27,7% dos

pacientes da lista de espera cirúrxica son da especialidade de traumatoloxía, e o 21,4% de oftalmoloxía.

### **A priorización dos pacientes e o cumprimento dos tempos máximos de agardar son obxectivos fundamentais á hora de acadar unha sanidade eficiente e de calidade. Neste senso, os mecanismos de medición das listas de agarda deben proporcionar a información necesaria para poder garantir o cumprimento dos obxectivos.**

O gasto sanitario, en base ao orzamento inicial, reducíuse no ano 2012 en torno ao 0,5%, acadando os 3.531 millóns de euros, isto é un gasto per cápita de 1.332 euros. O volume de poboación protexida e a estrutura demográfica e xeográfica da mesma determinan a existencia en Galicia dun elevado gasto sanitario, o quinto maior do Estado; nembargante este gasto sanitario non se mantén en termos per cápita, onde Galicia descende ata o sétimo lugar.

Xunto á citada redución do gasto sanitario, os investimentos proxectados dentro do Programa de Protección e Promoción da Saúde increméntanse nun 3,9%. Este incremento está destinado basicamente á actuacións en laboratorios de saúde pública, que xunto aos programas de cribado e os de equipamento informáticos, foron os que máis incrementaron a súa dotación no ano 2012. Paralelamente, o Programa de aseguramento da calidade no control da EET, e os programas de vacinacións, son os que máis se reducen, desaparecendo no orzamento do ano 2012 o programa de avaliación de tecnoloxías sanitarias e de coordinación e calidade da saúde pública, entre outros.

### **Indicadores de benestar social**

Segundo o indicador AROPE (*At Risk Of Poverty and/or Exclusion*), no ano 2011, o

23,7% da poboación galega estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social, fronte ao 22,5% do ano anterior, e ao 27% de media no Estado.

O incremento da poboación en situación de risco de pobreza está asociado ao descenso drástico dos ingresos medios tanto por fogar como por persoa. Así, no ano 2011, o ingreso medio mensual por fogar en Galicia acada os 1.908 euros, un 3,5% menos que no ano 2010. No citado ano 2011, o 20,9% dos fogares galegos tiñan uns ingresos entre 1.000 e 1.500 euros, e un 24% do total de fogares ingresaban menos de 1.000 euros mensuais. Así mesmo, o 42,2% dos fogares galegos obtiñan o seu ingreso principal a través de prestacións.

**O sostido deterioro do mercado laboral, que se reflicte no incremento do número de persoas desempregadas, e, en concreto, no forte aumento do paro de longa duración, ten como consecuencia directa a existencia de 27.500 vivendas familiares sen perceptores de ingresos, un 19% máis que no ano 2011, así como 393 mil vivendas nas que só un membro percibe ingresos, un 2,7% máis que no ano anterior. Para tratar de paliar os problemas de pobreza e desigualdade na distribución da renda, o CES entende prioritario o fortalecemento dos mecanismos de inclusión social.**

A probabilidade de caer nunha situación de risco de pobreza e exclusión social non é homoxénea nin demográfica nin xeograficamente. Neste senso, os datos IGE da taxa de risco de pobreza ou exclusión social (en base á *Estratexia Europa 2020*), para o ano 2011, mostran que a taxa de risco de pobreza e exclusión social para Galicia sitúase nun 22%, acadándose na provincia de Pontevedra unha taxa do 24,4%. Dentro desta provincia tamén se

observan claras diferenzas entre a taxa media da zona nororiental (13,5%) e da zona sur (39,6%), así a área de Caldas-O Salnés acada a taxa máis elevada de toda Galicia (29,3%), de xeito que 3 de cada 10 habitantes desta área están en situación de risco de pobreza ou exclusión social.

O risco de pobreza é levemente superior para as mulleres que para os homes, sendo do 22,2% e do 21,9% respectivamente, pero é por idades onde existe un maior contraste. Neste senso, a poboación galega en idade infantil e xuvenil é a máis exposta á pobreza, pauta que se corresponde coa observada a nivel español ou europeo. Así, o 24% dos menores de 16 anos estarían en risco de pobreza, sendo dita porcentaxe do 29,8% para as persoas de entre 16 e 24 anos.

A tipoloxía do fogar, así como o feito de que existan ou non cargas familiares, determina tamén, en grande media, o risco de pobreza, de xeito que o 48,6% dos fogares galegos compostos por un adulto con nenos a cargo están en situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo os fogares monoparentais co 36% os que presentan unha maior taxa de pobreza.

**O aumento das desigualdades e da pobreza consecuencia da actual crise económica é un problema social que se intensifica máis se cabe nun contexto de restricións orzamentarias, que afectan ás políticas de prevención da pobreza.**

**Unha das consecuencias da actual crise económica, e, en concreto, das medidas que se están a impoñer para facerlle fronte, son os efectos negativos sobre a igualdade de oportunidades e a inclusión social. Polo tanto o CES considera que as políticas de protección e inclusión social, son**

### **Indispensables para manter a cohesión social.**

A modificación da Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, imposta polo Real Decreto-Ley 20/2012, de 13 de xullo, modifica substancialmente o marco normativo do ámbito da dependencia e discapacidade, e establece a extinción do convenio especial da Seguridade Social para cuidadores non profesionais.

No ano 2012, rompendo a tendencia ata ese momento, diminúe nun 1,7% en Galicia o número de solicitudes de prestacións por situación de dependencia, fronte ao incremento do 1,5% de media no Estado. A 31 de decembro de 2012 existen en Galicia 61.956 beneficiarios con dereito a prestación por recoñecérselle unha situación de dependencia, dos que o 32,9% son grandes dependentes.

A 31 de decembro de 2012, o total de beneficiarios dos Programas Individuais de Atención son 39.040, un 11% máis que o ano anterior, un aumento moi significativo se o comparamos co aumento medio estatal que foi do 1,7%. Este aumento é consecuencia do avance na implantación do sistema en Galicia, medido pola porcentaxe de beneficiarios con prestación sobre o total de poboación. A pesar do citado avance, en Galicia no ano 2012 un 37% das persoas con dereito a prestación non dispoñían dela, sendo a terceira comunidade con maior porcentaxe de persoas nesta situación.

**O CES considera que todos os beneficiarios con prestación recoñecida deberían poder acceder á mesma no menor tempo posible, limitando o chamado "limbo da dependencia".**

**O CES mostra a súa preocupación polos efectos sobre o ámbito da asis-**

**tencia ás persoas dependentes, que terá a modificación do convenio especial da S.S. dos cuidadores non profesionais, que ao longo do ano 2012 provocou unha drástica redución da afiliación.**

Finalmente destacar que os datos de violencia de xénero mostran como en Galicia ao longo do ano 2012 rexistráronse catro mortes por esta causa, unha máis que no ano anterior, o que supón o 8,2% do total de casos rexistrados en España.

### **Medio ambiente e desenvolvemento sostible**

As políticas medioambientais resultan prioritarias dentro do obxectivo de acadar un crecemento económico sostible, o que deriva na implementación, tanto a nivel mundial, comunitario, estatal, autonómico e local, de estratexias políticas de actuación, encamiñadas a que a economía faga un uso máis eficaz dos recursos, apoiando a redución de gases de efecto invernadoiro, o incremento da porcentaxe de enerxías renovables e o aumento da eficiencia enerxética.

En relación ás emisións de gases de efecto invernadoiro, a Estratexia Europa 2020 fixou como obxectivo reducir nun 20% as emisións destes gases no ano 2020 en relación ás do ano 1990.

En Galicia no período 2005-2010 prodúcese un importante descenso das emisións reguladas pola directiva de comercio de emisións, se ben as emisións dos sectores difusos manteñen os seus valores ano tras ano.

Tendo en conta o índice de evolución anual das emisións de CO<sub>2</sub> equivalente, que nos permite observar o grao de cumprimento dos obxectivos da Estratexia 2020, dedúcese un forte crecemento, tanto en Galicia

como en España, das ditas emisións ata o ano 2007, iniciándose unha tendencia decrecente a partir do ano 2008. Este descenso explícase máis polo freo da actividade económica froito da situación de recesión e crise que polo éxito na implementación de políticas verdes. Neste senso, cómpre destacar que os efectos da crise económica sobre a produción industrial se traducen directamente en reducións porcentualmente superiores do gasto das empresas en protección ambiental, redución que ano 2009 en Galicia acadou o 45% en relación ao ano anterior.

A protección da natureza e da biodiversidade é outro dos piares fundamentais do desenvolvemento sostible. Neste senso, tendo en conta o conxunto de categorías de protección, Galicia, co 11,8% de superficie de espazos naturais protexidos é a oitava Comunidade cunha menor porcentaxe da súa superficie protexida.

En relación ás especies ameazadas dentro da Comunidade, o 56% correspóndese con taxóns de flora, e un 44% de fauna, sendo as aves as que teñen máis poboacións ameazadas.

O feito de que o 68,6% da superficie galega teña un uso forestal, da que o 68,3% é superficie arboraba, da conta da importancia económica, pero tamén medioambiental da protección dos bosques. No ano 2012 publícase o cuarto inventario Forestal Nacional, que proporciona información do estado e evolución dos bosques na última década. As conclusións para Galicia do IV IFN, mostran que o estado fitosanitario dos bosques galegos empeora nos últimos dez anos, observándose que os pes con danos pasan do 17% do total ao 32% no IVIFN, sendo as causas fundamentais dos danos as actuacións humanas, o gando e a fauna.

Nembargante, a maior ameaza que sofre o bosque en Galicia son os incendios fores-

tais. En Galicia no ano 2012, producíronse o 23,9% dos sinistros rexistrados no conxunto de España, sendo a superficie total queimada o 7,7% da superficie total queimada no conxunto do Estado. Non obstante hai que significar que no ano 2012 prodúcese unha notable diminución dos incendios de máis do 45% e do 58% da superficie queimada, en relación ás cifras acadadas no ano 2011.

Finalmente, dentro das políticas de desenvolvemento sostible, as actuacións transversais encamiñadas a unha maior concienciación en aspectos medioambientais, cobran especial importancia no ámbito da reciclaxe de residuos, no uso máis sostible do consumo e da xestión da demanda de auga ou na consecución dun modelo de mobilidade alternativa.

**Os efectos constatados do cambio climático en Galicia, o incremento no número de especies ameazadas e invasivas, o empeoramento do estado fitosanitario dos bosques galegos ou o crecemento das emisións de CO<sub>2</sub> por parte dos sectores difusos, son, entre outros, indicadores da necesidade de continuar implementando medidas cara a acadar unha protección máis efectiva do medio ambiente. O CES estima que a protección medioambiental debe entenderse como un elemento fundamental do desenvolvemento rural, compatible coas necesidades do sector primario galego.**

## Ocio e cultura

A crise económica e as políticas tributarias asociadas ao mecanismo de estabilidade orzamentaria, afectan de xeito moi directo e importante ao ámbito da cultura, descendendo no ano 2011, último dispoñible, o número de empregos culturais en Galicia.

Neste senso, no ano 2011 había en Galicia 24.200 persoas ocupadas que desenvolvían a súa actividade laboral no sector cultural, un 20,9% menos que no ano anterior, unha contracción moi superior á experimentada de media no conxunto do Estado (4,4% menos).

Fronte á redución no emprego, no ano 2011 increméntase nun 2% o número de empresas culturais existentes en Galicia, acadando as 5.545.

O gasto en cultura, tanto público como privado, tamén se ve afectado pola crise, de xeito que o gasto público en cultura realizado pola Administración autonómica galega ascendeu no ano 2010, último dispoñible, a 111 millóns de euros, un 26,9% menos que no ano anterior. No que respecta ao gasto en cultura dos fogares no ano 2011, este acadou os 722 millóns de euros, un 7,8% menos que no ano anterior.

No período 2008-2011 en Galicia, o gasto en consumo cultural reduciuse un 11,5%, o gasto medio por fogar en cultura nun 14% e o gasto medio por persoa en cultura nun 11,3%.

A redución no gasto destinado á cultura reflíctese directamente na redución da produción editorial, así en Galicia no ano 2012 edítanse un 7,2% menos de títulos que no ano anterior, sendo a redución media estatal do 6,2%. Así mesmo no ano 2011, último dispoñible, se reduce en Galicia un 11,4% o número de espectadores das artes escénicas, redución que, nembargante, está asociada a un incremento do 42,5% na recadación obtida. □

# **CDSCINCO.** recursos e capacidades para o desenvolvemento

## Capital humano

A educación e formación da poboación é un pilar fundamental no que asentar a evolución económica e social dun territorio. Dous indicadores clave para observar a situación da educación en Galicia son os considerados na Estratexia Europa 2020, a porcentaxe de poboación con educación superior e o abandono educativo temperá. Por unha banda, a porcentaxe de persoas entre 30 e 34 anos con educación superior en Galicia é do 43%, por riba da media española, pero un punto porcentual menor ao obxectivo imposto para o 2020. Por outra banda, o abandono educativo temperá afecta en Galicia ao 23,8% dos mozos entre 18 e 24 anos, lonxe de obxectivo do 15% para o ano 2020.

Parece difícil que nun contexto de axustes orzamentarios, se logre converxer ata acadar os obxectivos marcados na Estratexia Europa 2020, de redución do

abandono escolar e incremento da porcentaxe de titulados universitarios, obxectivos fundamentais, sobre todo no que respecta ao abandono escolar temperá, por estar intimamente ligado ao elevado paro xuvenil.

No que respecta ás ensinanzas non universitarias de réxime xeral, no curso 2012-2013, con respecto ao curso anterior, prodúcese unha redución no número de centros e no número de profesores e incrementase o número de alumnos.

A non reposición das prazas de profesores xubilados é a causa fundamental da redución do número de profesores, o que debe de valorarse tendo en conta que en Galicia só o 8,5% dos profesores teñen menos de 30 anos, mentres que a nosa comunidade conta coa porcentaxe máis elevada do Estado de profesores con máis de 60 anos, o 9,8% do total do profesorado que exerce en Galicia.



**Dada a porcentaxe de profesorado con idades próximas á xubilación existente en Galicia, o CES entende que a fixación dunha taxa de reposición apropiada a cada territorio é fundamental para o bo funcionamento do sistema educativo.**

No que atinxe ao número de alumnos, no último curso hai 5.945 alumnos máis nas ensinanzas de réxime xeral, en concreto en ensinanzas de ciclos formativos ordinarios, educación primaria e infantil. É tamén destacable o incremento dende o curso 2008-09, das matriculacións nas ensinanzas de Formación profesional.

Finalmente a eficacia do sistema educativo galego pódese medir a través dunha serie de indicadores, entre os que destacamos o xa citado abandono educativo temperá, ou as taxas de idoneidade, sendo a máis significativa a taxa de idoneidade da poboación entre 10 e 15 anos, así, o 38,4% dos alumnos de 15 anos non están matriculados no cuarto curso da ESO que lle correspondería por idade, sendo a sexta Comunidade con maior porcentaxe nesta taxa.

**O CES entende necesario aplicar medidas de prevención e redución do abandono educativo temperá, a través da mellora das distintas etapas educativas, e da oferta de novas oportunidades para a formación e para o retorno ao sistema educativo.**

No que respecta á educación universitaria, un curso máis redúcese o número de alumnos no sistema universitario galego, en concreto nas universidades de Santiago e A Coruña, fronte ao leve incremento de alumnado na universidade de Vigo.

A redución das matriculacións no primeiro e segundo ciclo non se compensa polo

incremento das matriculacións nos estudos de grao.

**No que respecta á produción científica nas universidades galegas, un ano máis o CES estima destacar que o sistema universitario galego, contando do 5,8% do profesorado universitario do Estado, produce o 6,9% do total das publicacións academicamente recoñecidas.**

### Investigación e tecnoloxía

A significativa mellora dos indicadores de I+D+i nos últimos anos, non parece que vaia ser suficiente para acadar os obxectivos marcados na Estratexia Europa 2020, fundamentalmente no que respecta á porcentaxe do 3% de gasto de I+D sobre o PIB.

No ano 2011, último dispoñible, segundo o "Regional Innovation Scoreboard 2012" da Comisión Europea, Galicia entra no grupo de "innovadores moderados", xunto a seis comunidades españolas máis, e 38 rexións europeas, por detrás de 5 comunidades españolas clasificadas como "seguidoras de innovación" e por detrás tamén de 41 rexións europeas clasificadas como "líderes de innovación" e ás 58 pertencentes ao grupo de "seguidoras de innovación".

As rexións europeas máis avanzadas no campo da innovación, posúen un sistema de innovación cuns indicadores moi equilibrados; no caso galego, salvo na porcentaxe de poboación con educación superior, o valor dos restantes indicadores analizados no citado informe da Comisión, non superan o 0,5, (indicadores con valores de 0 a 1), sendo incluso inferior ao 0,25 no caso da actividade innovadora das PEMES, e en torno ao 0,4 estaría o nivel de gasto público e privado en I+D.

Case todos os Estados membros e rexións

da UE melloran os seus resultados de innovación, porén o crecemento dos resultados de innovación desacelérase, persistindo a fenda de innovación cos líderes mundiais; situándose a principal desvantaxe no eido da innovación privada.

Outro indicador que nos permite observar a situación da innovación en Galicia é o ISNE (Indicador Sintético de la Nueva Economía), elaborado a partir dunha serie de indicadores sintéticos sobre innovación tecnolóxica e que reflicte que Galicia está situada por debaixo da media estatal, sendo a sétima comunidade cun valor máis reducido no citado índice.

O gasto en I+D en Galicia, público e privado, redúcese no ano 2011, último dispoñible, un 1% en relación ao ano anterior, descenso motivado pola caída do 7% no gasto público que non se compensa totalmente polo incremento do 6,3% no gasto en I+D no sector privado.

A redución dos recursos en I+D reflíctese tamén na caída da porcentaxe de gasto sobre PIB que acada o 0,91% fronte ao 0,96% do ano 2011, e que se sitúa, cada vez máis lonxe, do obxectivo do 3% para o ano 2020. Deste xeito en Galicia a crise económica non só deriva nunha redución do esforzo investidor, senón tamén, nunha maior separación respecto ao esforzo investidor medio europeo.

Un menor PIB per cápita relaciónase cun menor esforzo investidor en I+D, así as comunidades cun maior PIB per cápita son as que presentan unha maior porcentaxe de gasto en I+D sobre o PIB total. Neste senso, no ano 2011 en Galicia o gasto interno en I+D por habitante era de 188,3 euros, inferior ao do ano anterior, lonxe da media estatal (300,6 euros por habitante), e moi afastado das Comunidades que realizan un maior esforzo como País Vasco ou Navarra.

Fronte ao descenso do gasto en I+D por habitante, o gasto en I+D por investigador, increméntase no último ano, acadando en torno aos 84.500 euros, favorecido pola redución no ano 2011 do 7,4% no número de investigadores. A pesar deste incremento Galicia segue sendo a cuarta comunidade con menor gasto en I+D por investigador.

Xunto ao incremento da porcentaxe de gasto dedicado a I+D, outro obxectivo a acadar é incrementar o peso do gasto privado no total de gasto en I+D. No ano 2011 en Galicia do total do 0,94% do PIB dedicado a I+D, o 51,6% era gasto público e o restante 48,4% gasto privado, polo que o obxectivo de lograr que o 75% do gasto en I+D sexa privado no ano 2015 semella difícil. Por outra banda, fronte á maior porcentaxe de gasto público que privado en Galicia, a nivel estatal a pauta é diferente, así dende o ano 2007 o gasto executado polo sector privado no Estado é superior ao público, representando no ano 2011 o gasto privado o 52,3% do total e o público o 47,7% restante.

Finalmente, no que respecta á orixe do gasto público en I+D, o 71,9% do total no ano 2011 execútase polas institucións de ensinanza superior, fundamentalmente Universidades.

Xunto á citada redución de recursos económicos dedicados á I+D no ano 2011, prodúcese tamén un axuste nos recursos humanos dispoñibles para investigación, así en relación ao ano 2010, en Galicia redúcese un 6,1% o persoal dedicado á I+D, superando a redución do 3,1% a nivel estatal. O citado axuste prodúcese principalmente no sector público que reduce o persoal nun 7,8%, sendo dita redución para o persoal investigador do 8,6%.

O investimento da Xunta de Galicia para I+D+i, dentro do grupo de produción de

bens públicos de carácter económico, aumenta un 0,2% en relación ao ano anterior, sendo o programa de gasto con maior relevancia cuantitativa o Plan Galego de I+D+i, que incrementa a súa dotación nun 9,8%, fronte á redución de crédito rexistrada no Programa de Investigación Sanitaria (17% menos), no Programa de Fomento da Sociedade da Información do Coñecemento (5,4% menos), e no Programa de Investigación Universitaria (4,8% menos).

O financiamento de proxectos de investigación realízase tamén a través do CDTI, que no ano 2012 comprometeu 15 millóns de euros para o financiamento de 32 proxectos de I+D en Galicia, isto supón que o financiamento directo deste Centro en Galicia diminuíu un 70,8%. O financiamento público dos proxectos de I+D en Galicia complétase coas convocatorias de I+D+i da Administración Xeral en Galicia dentro do Plan Nacional de I+D+i 2008-2011, e dentro do Sétimo Programa Marco da UE.

Xunto ao financiamento proveniente do sector público, un aspecto fundamental dentro dun sistema de innovación equilibrado é o peso do gasto en innovación por parte do tecido empresarial. En Galicia no ano 2011 existen 1.241 empresas con actividades innovadoras, sendo a intensidade innovadora media do 2%, é dicir a porcentaxe de gasto en actividades innovadoras sobre o volume da súa cifra de negocio. O efecto da crise económica sobre o gasto en actividades innovadoras por parte das empresas é de maior ou menor intensidade en función do tamaño da mesma, así as empresas de menos de 250 traballadores reducen de media un 41,7% o seu gasto en actividades innovadoras no ano 2010 respecto ao 2008, sendo esta redución do 34,3% para as empresas de máis de 250 traballadores.

**O CES considera que reforzar as actuacións no ámbito da I+D é básico para avanzar na recuperación económica, propiciando un achegamento aos indicadores medios europeos, a través dun maior esforzo inversor tanto público como privado neste campo.**

En relación aos indicadores de alta tecnoloxía, en primeiro lugar tomamos como tal o número de empresas manufactureiras de alta e media tecnoloxía que en Galicia no ano 2011 ascendían a 113, o 4,8% do total estatal, empresas que destinaron un total de 75,5 millóns de euros a actividades de I+D e empregaron a 1.045 traballadores en ditas actividades.

As 163 empresas de servizos de alta tecnoloxía existentes en Galicia no ano 2011, realizaron un gasto de 56,6 millóns de euros e empregaron a 1.134 persoas nas citadas actividades de I+D.

O comercio exterior de alta tecnoloxía é un indicador importante para medir a competitividade internacional dun territorio, neste senso Galicia no ano 2012 mantén un saldo positivo na balanza comercial deste tipo de produtos de 16,8 millóns de euros, sendo especialmente importante o sector dos produtos químicos, que representan case a metade do valor total das exportacións galegas de produtos de alta tecnoloxía, así como o sector de maquinaria e material mecánico que realiza o 42,8% do total de importacións galegas de produtos de alta tecnoloxía.

A propiedade industrial é outro dos indicadores do desenvolvemento tecnolóxico. No ano 2012 obsérvase unha perda de dinamismo neste ámbito, descendendo moi significativamente o número de solicitudes de inversión, fundamentalmente debido tanto á forte baixada das solicitudes de modelos de utilidade, como, aínda que en

menor media, ao descenso no número de patentes.

O volume e impacto da produción científica desenvolvida nun territorio, e, en concreto, os indicadores bibliométricos, son indicadores básicos dos outputs xerados pola actividade científica no territorio. Neste senso o Plan Nacional de I+D+i establece que a produción científica española, respecto á mundial, debería estar en torno ao 3,6%. No ano 2010, último dispoñible, Galicia á a quinta comunidade con maior número de publicacións científicas no total estatal.

En relación ás tecnoloxías da información e comunicacións (TIC), compre salientar a posta en funcionamento no ano 2012 do AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia), así como do CPDI (Centro de Proceso de Datos Integral) da Xunta de Galicia.

Finalmente destacar un ano máis o crecemento no uso das TICs tanto por parte dos fogares como das empresas galegas, reducíndose a fenda dixital existente coa media estatal.

## Infraestruturas

No ano 2012, o investimento real en termos de gasto recoñecido, do Ministerio de Fomento en Galicia foi de 1.469 millóns de euros e o investimento autonómico de 356 millóns de euros.

O maior esforzo orzamentario diríxese ao investimento en infraestruturas ferroviarias, con 845 millóns de euros investidos por ADIF en Galicia no último ano, dos que o 63% destínanse a proxectos situados na provincia de Ourense.

No que respecta ao investimento en estradas no período 2007-2011, Galicia ten un investimento por habitante maior á media

estatal, tanto considerando o investimento da Administración central, como o dos entes territoriais. Por contra, o investimento por quilómetro de rede en Galicia é inferior á media estatal.

En relación ás infraestruturas portuarias no ano 2012 o investimento total ascende a 86 millóns de euros, un 85% menos que no ano anterior, dos que 75,1 millóns corresponden a investimentos do Ministerio de Fomento. A meirande parte do investimento dedícase a proxectos relacionados cos portos exteriores da provincia de A Coruña

No que atinxe ás infraestruturas aeroportuarias pódense salientar os 91,7 millóns de euros investidos en 2012 por AENA nos aeroportos galegos, o que representou reducir á metade o nivel de investimentos respecto a o ano 2011.

**O CES entende que a planificación estratéxica e a reactivación dos investimentos en infraestruturas resulta fundamental para tratar de estimular a actividade económica nun contexto de crise e axustes fiscais como o actual. ■**